

Universidade de Vigo -  
Registro Xeral

Saída Nº. 201800008923  
03/07/2018 11:47:47

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 3 DE XULLO DE 2018 POLA QUE SE CONVOCAN CURSOS DE FORMACIÓN EN LINGUA GALEGA PARA O 1.º CUADRIMESTRE DO CURSO ACADÉMICO 2018/2019

A Universidade de Vigo publica a convocatoria de cursos de formación en lingua galega do primeiro cuadrimestre do curso académico 2018/2019 para a comunidade universitaria, organizados e xestionados pola Área de Normalización Lingüística. Esta convocatoria realízase ao abeiro do Convenio de colaboración en materia de normalización lingüística entre a Universidade de Vigo e a Xunta de Galicia.

**Denominación:** cursos de lingua galega

### Listaxe de cursos convocados

- Curso de extensión cultural
- Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación
- Curso de redacción de documentos administrativos
- Galego: actualízate
- Corrección da escrita coas TIC
- Redacta con claridade e mellora a túa redacción

**Persoas destinatarias:** comunidade universitaria

**Datas de celebración:** durante os meses de setembro, outubro, novembro e decembro de 2018

### Lugar de celebración

1 O curso presencial:

- Curso de extensión cultural (campus de Vigo, Ourense e Pontevedra)

Desenvolverase nos campus da Universidade de Vigo anteriormente sinalados sempre e cando haxa un mínimo de 15 persoas inscritas por campus.

## 2 Os cursos virtuais:

- Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación
- Curso de redacción de documentos administrativos
- Galego: actualízate
- Corrección da escrita coas TIC
- Redacta con claridade e mellora a túa redacción

### **Duración dos cursos**

- Curso de extensión cultural: 75 horas
- Curso de redacción e deseño de traballos académicos e de investigación: 20 horas
- Curso de redacción de documentos administrativos: 20 horas
- Galego: actualízate: 40 horas
- Corrección da escrita coas TIC: 25 horas
- Redacta con claridade e mellora a túa redacción: 15 horas

### **Coordinación académica**

O director da Área de Normalización Lingüística

### **Número de participantes por grupo**

Establécese un número mínimo de 15 persoas preinscritis nos cursos; de non se acadar ese número, o curso poderá anularse, e así se lles notificará ás persoas preinscritis. O número máximo de prazas é de 30.

### **Consignación orzamentaria**

Os gastos derivados da impartición da docencia e da elaboración dos materiais didácticos e docentes imputaranse na partida orzamentaria de Normalización Lingüística 2018 0000 421SNL 226.06.

### **Prazo de inscrición**

Do 3 ao 21 de setembro de 2018 a través da plataforma virtual <https://bubela.uvigo.es>. Así mesmo, o citado prazo pecharase a medida que se cubran as prazas por rigorosa orde de preinscrición.

## Matrícula

A matrícula será gratuíta.

## Avaliación

No Curso de extensión cultural cómpre asistir ao 85 % das clases e das visitas, ademais de aprobar o sistema de avaliación establecido.

Nos cursos virtuais requírese realizar o 100 % das actividades, das cales hai que superar o 80 %.

## Diploma

No diploma acreditativo constará o nome do curso, modalidade de impartición, duración e programa.

## Créditos

Todos os cursos están recoñecidos con créditos ECTS.<sup>1</sup>

A vicerreitora de Comunicación e  
Relacións Institucionais  
Por delegación (RR 21/06/2018)

Mónica Valderrama Santomé



Dilixencia para facer constar que esta  
resolución se publica con esta data no  
registro desta universidade.

Vigo, 3 de xullo de 2018

A secretaria do equipo de goberno

M. Lillana Álvarez García

<sup>1</sup>Pendente da autorización pola Comisión de Organización Académica e Profesorado.